

Proxecto:	Parque eólico Suíme
Documento:	Estudo de impacto ambiental (Xullo 2021) e Proxecto sectorial (Marzo 2020)
Localización:	Rodeiro (Pontevedra)
Promotor:	Greenalia Wind Power, S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A/2018/07
Data rexistro:	25.10.2021
Expediente:	IA2923/2019 (Servizo de Arquitectura)

O 25.10.2021 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados "*Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Xullo 2021*" e "*Proxecto sectorial do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Marzo 2020*".

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópase nesta Dirección Xeral o seguinte antecedente:

- *Documento de Inicio para sometemento a avaliación do Parque Eólico Suíme no concello de Rodeiro (Pontevedra). Xaneiro 2018* (en adiante documento de inicio) dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 20.12.2019.

LEXISLACIÓN A CONSIDERAR, EN RELACIÓN CO PATRIMONIO CULTURAL:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

INFORME:

- Segundo a documentación remitida o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia de 30,00 MW, composto por 6 aeroxeradores de 5,0 MW de potencia unitaria, 102,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, así como pola súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, zona de acopios e parque e maquinaria, plataformas de montaxe, gabias de cableado, subestación transformadora 30/132 kV e edificio de control. A evacuación da enerxía xerada realizarase mediante LAT 132 kV, que non é obxecto de este proxecto, cara a subestación de Portodemouros 132 kV.
- O proxecto do parque eólico presenta modificacións substanciais respecto do que se informou na fase de consultas (varía o número de aeroxeradores, pasando de 8 a 6, a súa posición e características, así como o emprazamento da subestación e o viario).
- As infraestruturas que conforman o parque eólico sitúanse a apenas 800 m ao N. do **Camiño de Inverno**, polo que é probable que os seus elementos sexan visibles desde o mesmo. O Camiño de Inverno está recoñecido como unha das rutas principais do Camiño de Santiago en base ao disposto no artigo 73.2 da LPCG polo que, segundo o artigo 75.1 da LPCG, ten a consideración de ben catalogado coa categoría de Territorio Histórico. Os aeroxeradores do parque eólico sitúanse en cumes nas que poden resultar visibles desde o tramo do Camiño entre Camba e A Feira (Rodeiro).





- No informe emitido pola DXPC o 20.12.2019 sobre o documento de inicio, indicábase que *"para unha correcta avaliación do impacto sobre este elemento, o Estudo de impacto ambiental deberá contar cun estudo específico da afección visual desde o camiño, entre Camba e A Fera, de cara a avaliar a incidencia do parque eólico, en concreto dos aerogeradores máis próximos"*.
- O apartado 7.5 *Medio perceptíbel* do Estudo de impacto ambiental indica que, no tramo do **Camiño de Inverno**, entre A Feira e Camba, e tendo en conta a conca visual potencial do proxecto, poderían verse 1, 2, 3 ou 4 aerogeradores, segundo os tramos.
- O anexo IX do Estudo de impacto ambiental inclúe a *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais*, asinada en marzo de 2021 polo arqueólogo Mario César Vila, da empresa Horizontenorte. Neste documento non hai referencias ao Camiño de Santiago, **Camiño de Inverno**, a pesar de que este discorre pola poligonal do parque eólico.
- O anexo XI do Estudo de impacto ambiental inclúe un documento denominado *"Cumprimento do Documento de alcance"*. Respecto do patrimonio cultural, indica que se presentou, xunto co documento ambiental, o Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), e que no seu apartado 4.3.1.1, avalíase o impacto paisaxístico sobre o **Camiño de Inverno**, na súa etapa 6 (Chantada-Rodeiro), no contorno da poligonal, asemade indicase que no Anexo II do EIIP se inclúen infografías o perspectivas do futuro parque eólico desde o Camiño de Inverno.

Cómpre sinalar que entre a documentación ambiental achegada polo promotor, non figura o devandito Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP). Soamente, como Anexo N° 4 ao Proxecto sectorial (Anexo Infográfico), inclúese o antedito Anexo II do EIIP. Nel, inclúense 3 vistas obtidas dun sistema de información xeográfico, completadas co montaxe dos aerogeradores do parque, que non reflicten a visión que tería un observador, percorrendo o camiño, das súas infraestruturas.

- En base ao exposto nos parágrafos anteriores, considérase que para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico Suíme, é necesario que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural se complete cun estudo específico da afección visual desde o Camiño de Santiago, **Camiño de Inverno**, tal como se requiriu no informe da Dirección Xeral de Patrimonio cultural do 20.12.2019.
- Deberá realizarse unha análise detallada en planta, do itinerario entre Vilanova e A Feira (Rodeiro), sinalando de xeito gráfico os tramos en que poidan ser visibles as infraestruturas desde o **Camiño de Inverno**. Asemade, desde estes puntos, nos que exista un maior impacto visual, deberán realizarse unha serie completa de recreacións, baseadas en fotografías obtidas in situ do percorrido analizado, mirando cara ao parque, sobre as que se montarán, a escala, as infografías dos aerogeradores, que deberán verse de xeito nítido sobre o horizonte, sempre elixindo os máis próximos ou que poidan provocar unha maior afección, para poder avaliar o antedito impacto de xeito adecuado.
- Co obxecto de completar a análise do impacto visual sobre os elementos do patrimonio cultural, este tipo de infografías realizaranse tamén para valorar o impacto sobre o Pazo de Llamazares e o Pazo e Igrexa de San Xoán de Camba, desde onde se visualicen estes elementos en relación cos aerogeradores.

A vista do anterior, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, solicítase a presentación da documentación referida nos parágrafos anteriores.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

